

**ORDENANZA 3.26**

**TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS ESPECIAIS DE VIXIANCIA DE ESPECTÁCULOS  
OU TRANSPORTES**

Artigo 1. Fundamento e natureza

En uso das facultades concedidas polos art. 133.2 e 142 da Constitución e polo art. 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos art. 15 e 20.4.g) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, o Concello de Santiago de Compostela establece a taxa pola prestación de servicios especiais de vixilancia de espectáculos ou transportes, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, cuas normas atenden ó prevenido no art. 57 do citado Real Decreto Lexislativo.

Artigo 2. Feito imponible

1. Constitúe o feito imponible da taxa, a prestación dos seguintes servicios especiais de competencia municipal, a instancia de parte:
  - a) Vixilancia, protección, ordenación e regulación do tráfico, estacionamento de vehículos e calesqueira outros que sexan motivados pola celebración de espectáculos e esparcimentos públicos que pola súa natureza, pola aglomeración de público que os mesmos provoquen ou polas necesidades de ordenar o acceso e saída do público e vehículos, así o esixan.
  - b) Conducción, vixilancia e acompañamento de transportes pesados, grandes transportes e caravanas a través das vías públicas do Municipio.
  - c) Calesqueira outros servicios análogos ós anteriores que sexan motivados por actividades que esixan a súa prestación.

2. Se entenderán prestados a instancia de parte os referidos servicios cando estes sean provocados polo suxeito pasivo ou redunden no seu beneficio, aínda que non o teña solicitado de forma expresa.

### Artigo 3. Suxeitos pasivos

1. Son suxeitos pasivos as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o art. 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que sexan:
  - a) Titulares, empresarios ou organismos, no seu caso, dos espectáculos e esparcimentos que motiven a prestación dos servicios especiais sinalados no número anterior.
  - b) Titulares da empresa que realicen os servicios de transporte ou, de non estar os vehículos afectos a unha actividade empresarial, os propietarios dos mesmos.
  - c) Peticionarios dos demáis servicios especiais e quenes os provoquen ou resulten beneficiarios dos mesmos, aínda que non o soliciten.

### Artigo 4. Responsables

1. Responderán solidariamente das débedas tributarias as persoas ou entidades ás que se refire o artigo 42 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.
2. Serán responsables subsidiarios as persoas ou entidades ás que se refire o artigo 43 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

### Artigo 5. Cota tributaria

1. A cota tributaria determinarase en función dos efectivos persoais e materiais que se empleen na prestación do servicio e do tempo invertido na mesma.
2. As tarifas a aplicar serán as seguinte:

1 Por cada policía, bombeiro, funcionario ou empregado municipal, por hora ou fracción ..... **20,20 €**

Por cada vehículo municipal usado; por hora ou fracción:

2.1 Automóviles ..... **39,20 €**

2.2 Motocicletas ..... **16,80 €**

2.3 Camións ..... **47,50 €**

2.4 Vehículos especiais (escaleira, grúa, motobomba, etc.) ..... **95,00 €**

3 Tarifa mínima.

En todo caso, os dereitos por prestación deste tipo de servicios non poderán ser menores de ..... **90,10€**

3. Na aplicación da tarifa observaránse as seguintes regras:

- a) As cotas incrementaranse nun 25% cando os servicios teñan lugar entre as 20 e as 24 horas do día en nun 50% si se prestaren entre as 0 e as 8 horas en domingos e días festivos.
- b) O tempo de prestación efectiva dos servicios computaranse tomando como momento inicial o da saída dos efectivos dos seus respectivos acuartelamentos e como final o da entrada nos mesmos, unha vez concluído o servicio.
- c) O material consumible que se empregue, distinto do necesario para o funcionamento dos vehículos, será abonado polo suxeito pasivo.

## Artigo 6. Beneficios fiscais

Non serán aplicables outros beneficios que os expresamente previstos en normas con rango de Lei ou

os derivados da aplicación de Tratados Internacionais.

#### Artigo 7. Devengo

Devengase a taxa e nace a obriga de contribuir cando se inicia a prestación do servicio. Cando se actúa a petición de parte, se entende iniciada a prestación cando se resolve positivamente a solicitude do interesado.

#### Artigo 8 . Normas de xestión

1. Os suxeitos pasivos que motiven a prestación dos servicios regulamentados nesta Ordenanza presentarán un escrito dirixido á Alcaldía determinando o día, hora e lugar no que debe ser prestado o servicio, o seu contido e a súa duración prevista , estando obrigados a realizar o ingreso da liquidación resultante na Tesorería municipal ou nas entidades bancarias debidamente autorizadas. A petición deberá formularse cunha antelación mínima de oito días.
2. A solicitude será resolta pola Alcaldía, dando conta ó interesado e ó servicio que deba cumprimentalo. Si se denegara a súa prestación devolverase o ingreso efectuado
3. Unha vez prestado o servicio, polo Xefe da Dependencia darase conta do seu cumprimento, duración e contido do mesmo, practicándose, no seu caso, a liquidación que corresponda polo exceso de tempo ou dos medios utilizados.
4. No suposto do Art. 2.2ª, a liquidación será aprobada pola Alcaldía previo informe do Xefe do Servicio, no que se farán constar as circunstancias do caso, tempo empregado e medios utilizados. Esta liquidación será notificada para ingreso directo unha vez que se teña prestado o servicio.
5. A renuncia á petición, unha vez iniciada a prestación do servicio, ou a menor duración deste sobre o solicitado e concedido non dará lugar a devolución algunha.
6. En todo caso, o acordo de prestación do servicio quedará supeditado á prioritaria atención dos

servicios de vixilancia xeral.

#### Artigo 9. Infraccións e sancions

En todo o relativo á calificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos Art. 178 e seguintes da Lei 58/2003, Xeral Tributaria

#### Disposición derradeira

A presente Ordenanza foi aprobada de xeito provisorio polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día quince de outubro de dous mil oito, quedando definitivamente aprobada por acordo do Pleno da Corporación na sesión de dez de decembro de dous mil oito. Comezará a aplicarse a partir do primeiro de xaneiro do ano dous mil nove, e aplicarase mentres non se acorde a súa derogación ou modificación.